**Completa o cadro coas contraccións que faltan.**

| | ME | CHE | LLE | NOS | VOS | LLES |
|---|---|---|---|---|---|---|
| O | MO | | | | | LLELO |
| A | | CHA | | NOLA | | |
| OS | | | LLOS | | | |
| AS | | | | | VOLAS | |

**Clasifica os seguintes determinantes nos ocos correspondentes do cadro.**

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| o | primeira | moitos | este | aquelas | miña |
| uns | teus | algunhas | as | vinte | unhas |



| Artigos | | Demostrativos | Posesivos | Numerais | Indefinidos |
|---|---|---|---|---|---|
| Det. | Indet. | | | | |
| | | | | | |
| | | | | | |

**Escribe a forma do artigo determinado (*o, a, os, as*) que resulte adecuada en cada caso.**

- _______ camiño
- _______ labores
- _______ arte
- _______ crise
- _______ dínamo
- _______ amigos
- _______ diadema
- _______ verán
- _______ pés
- _______ análises

**Completa as oracións con formas do artigo determinado (*o*, *a*, *os*, *as*) ou do artigo indeterminado (*un, unha, uns, unhas*).**

- Ao producirse aquel suceso, _______ xornalistas chegaron ao lugar para informar. Un deles, _______ reporteiro, entrevistou algunhas persoas.



**1** **Le estas oracións e arrodea as contraccións que atopes nelas.**



- Nestes primeiros meses da primavera dá gusto pasear polo prado.
- Dos catro irmáns, dous estudan música nesa academia de aí.
- Desta vez, para nalgunha tenda ao volver do traballo e compra o pan.
- Naquela casa vivía eu e, naqueloutra, meus avós.
- Nesta cidade non hai carril bici, pero noutras si.

**2** **Enche os ocos coas contraccións das palabras que se propoñen entre parénteses.**



- Xoán sempre volve (en + o) ________ bus, pero (en + algunha) ________ ocasión fíxoo andando.
- (En + aquel) ________ tempo meus curmáns aínda vivían (en + este) ________ edificio.
- (De + esta) ________ vez ceamos aquí, pero para a próxima imos a (aquel + outro) ________ restaurante.
- Non me deas (de + esas) ________ mazás verdes nin (de + aquelas) ________ amarelas; dáme (de + aquelas + outras) ________ vermellas.
- Se Antón non está na casa, teremos que vir (en + outro) ________ momento para falarlle (de + iso) ________ que nos preguntou.

**REPASA ESTA INFORMACIÓN.** Despois, corrixe as actividades anteriores.

- As preposicións *de* e *en* contraen cos demostrativos *este*, *ese*, *aquel*, *iso*… e dan como resultado as contraccións **deste**, **dese**, **daquel**, **diso**…; **neste**, **nese**…
- As preposicións *de* e *en* contraen cos indefinidos *algún*, *algunha*, *algúns*, *algunhas* e con *outro*, *outra*, *outros*, *outras* e dan como resultado as contraccións **dalgún**, **dalgunha**…; **nalgún**, **nal-gunha**…; **doutro**, **doutra**…; **noutro**, **noutra**…
- Os demostrativos *este*, *esta*; *ese*, *esa*; *aquel*, *aquela*… poden contraer cos indefinidos *outro*, *outra*, *outros*, *outras* e dar como resultado **estoutro**, **esoutro**, **aqueloutro**, **estoutra**, **esoutra**…

**Le este texto sobre a comunicación dalgúns animais e resolve as cuestións posteriores.**



### A comunicación dos animais

A comunicación verbal é unha forma de transmitir información exclusiva dos humanos. Os animais tamén transmiten información, pero non usan a comunicación verbal. Daquela, como fan? Pois, fundamentalmente, empregan sinais visuais e acústicos. As abellas, por exemplo, indícanlles ás compañeiras a localización dunha flor mediante unha danza. O tipo de movementos e a súa duración informan da proximidade ou afastamento da flor e da súa situación respecto ao sol. Os golfiños, pola súa parte, combinan sinais visuais (saltos de diferentes tipos) e acústicos (emiten unha gran variedade de sons, como chíos, ronquidos...).

- Que tipo de sinais empregan as abellas para comunicarse? ______________________________

______________________________________________

- Que tipo de sinais utilizan os golfiños? ______________________________
- Que diferenza hai entre o xeito de transmitir información dos humanos e o dos animais? Explícao comparando os elementos que usan uns e outros para comunicarse.

______________________________________________

**Relaciona estes elementos e coñecerás outros sistemas de comunicación utilizados polas persoas.**

| | | |
|---|---|---|
|   | braille | Sistema de escritura en que os conceptos se representan por medio de debuxos. |
|  | escritura xeroglífica | Código baseado en xestos e sinais visuais feitos coas mans e con outras partes do corpo. |
|  | lingua de signos | Sistema de escritura en que as letras se representan con puntos en relevo, o que permite que os cegos as lean a través do tacto. |